

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2021/36	A Xunta de Goberno Local

## DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria-Urxente
<b>Data</b>	02 de novembro de 2021
<b>Duración</b>	Dende as 13:40 ata as 14:05 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	Maria Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

## ASISTENCIA A SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

## Ratificación da urxencia da convocatoria

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o carácter urxente da convocatoria da

sesión, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

**Expediente 118/2021. Contratacións. “SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de inicio da contratación do presente servizo de data 16/04/2021.

En data 21/04/2021 por acordo do Pleno da Corporación apróbase o inicio do expediente de contratación por procedemento aberto, e regulación harmonizada.

Constando no expediente o estudo de viabilidade do servizo de data 20/09/2021, elaborado polo enxeñeiro Román Gómez Fraiz.

Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán este procedemento de contratación e de prescricións técnicas.

Constando no expediente informe de secretaría nº 82/2021 de 20 de outubro, e informe de intervención nº 65 de data 20/10/2021 no que se establece que se tramitará anticipadamente o gasto.

Visto que o artigo 159 sinala que os órganos de contratación poderán acordar a utilización dun procedemento aberto nos contratos de servizos.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos a Xunta de Goberno Local adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, do contrato de servizos denominado “SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO” por importe de 3.976.119,40 mais 397.612,00 euros de IVE (4.373.731,40 euros). Contrato suxeito a regulación harmonizada.

Segundo.- Aprobar a tramitación anticipada do gasto, de conformidade co disposto na Disposición Adicional 3ª, por tratarse dun contrato cuxa execución material vaise iniciar no exercicio seguinte.

Terceiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación mediante procedemento aberto simplificado do presente contrato de servizos, así como o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto e regulación harmonizada, dando

orde de que se proceda á publicación do pertinente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea e na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no perfil do contratante do Concello de Silleda. O prazo que terán os licitadores para presentar ofertas será o establecido no anuncio de licitación. Este prazo non poderá ser inferior a 35 días contados dende a data do envío do anuncio da licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, de conformidade co art. 156.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, Contratos do Sector Público. Este prazo poderase reducir en cinco días cando o órgano de contratación acepte a presentación de ofertas por medios electrónicos.

### **Expediente 1893/2020. Contratacións. “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA PROGRESO”**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención concedida polo Instituto para a Diversificación e aforro da enerxía (IDAE) por importe de 681.593,52 euros, ao abeiro e de conformidade co establecido no RD 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014/2020, modificado polo RD 1516/2018, de 28 de decembro e o RD 316/2019, de 26 de abril.

Visto que por acordo do Pleno, adoptado en sesión celebrada en data 27/05/2021 adxudicouse o contrato de obras denominado “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA PROGRESO” á empresa Narom SL ao sela empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa.

Visto que por Resolución de Alcaldía número 31, de data 14/01/2021, adxudicouse a dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde da presente obra a CARLOS D. BESADA FERREIRO.

En data 30/06/2021 firmase a acta de comprobación de replánteo, sendo o prazo de execución de 153 día naturais.

En data 18/10/2021 por Providencia de Alcaldía iníciase procedemento de modificación do presente contrato, en virtude do proxecto modificado presentado polo director da obra en data 17/10/2021 (RE 1098).

Consta no expediente realizado o trámite de audiencia aos redactores do proxecto e ao contratista da presente modificación. Trámite no que o contratista dentro do prazo habilitado ao efecto presentou alegacións ao proxecto de modificación que foron remitidas ao director da obra.

En data 25/10/2021 preséntase o proxecto de modificación do contrato definitivo, rectificadado en data 26/10/2021.

Consta informe de supervisión do modificado emitido polo arquitecto do servizo de urbanismo Lino M. Doporto Framil, en data 26/10/2021. E informe técnico urbanístico emitido pola arquitecta, Carolina Cajide Barbeito, en data 26/10/2021.

Consta informe de Intervención nº 68, de data 27 de outubro de 2021, e de Secretaría nº 87, de 27 de outubro de 2021.

Constando acta de replanteo previo de data 27/12/2021.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

Polo exposto, previo ditame da Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Seguridade e Tráfico, e Grandes Proxectos a Xunta de Goberno Local adoptou o presente acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación do contrato de obras denominado "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA RÚA PROGRESO", de conformidade co establecido no artigo 205 da LCSP, por importe de 82.939,03 euros, o que supón unha porcentaxe do prezo do contrato de 13,06 %, incrementándose o prazo de execución en 1,5 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto correspondente por importe de 82.939,03 euros con cargo á aplicación presupostaria 151-619.

TERCEIRO. Notificar a NAROM SL, empresa adxudicataria do contrato, a presente Resolución, informándolle que será requirido para a formalización da modificación do contrato, procedendo a ampliación da garantía definitiva na proporción correspondente ao novo prezo modificado.

#### **Expediente 1938/2020. Subvencións Directas ou Nominativas - Axudas Municipais á Creación de emprego**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto, que con data 22 de outubro de 2021, o Sr. José Andrés Bahamonde Villanueva, con nº de DNI.: xxxxxxxx con domicilio a efectos de notificación en Rúa da Empanada, 13 - 36570 Bandeira, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2021

Visto que, achega a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación:

- Alta en autónomos: 900€

Vista a validación da intervención municipal de 27.10.2021

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

1º Conceder á Sr. José Andrés Bahamonde Villanueva, por alta en autónomos, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2021 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 900€.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2021 ata 31 de decembro de 2021

**Expediente 2010/2019. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística - Construción de almacén agrogandeiro e garaxe.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Presentado escrito por por Pablo Datorre Otero para “Construción de almacén agrogandeiro e garaxe” no lugar de Andamollo, parroquia de Manduas (nº de rexistro de entrada 2019-E-RC-5202, de data 18 de novembro de 2019).

Visto o informe da arquitecta municipal, de data 26/04/2021 no que, tras revisar a documentación presentada informa que para poder continuar coa tramitación deberá o interesado emendar a súa solicitude, advertíndolle que de non facelo se lle entenderá desistido da mesma.

Realizado o correspondente requirimento en data 26/04/2021 (RS nº 2021-S-RC-436).

Visto que transcorrido o prazo concedido ao efecto, o interesado non presenta a documentación solicitada.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade dos membros presentes, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Entender desistido ao interesado da súa solicitude, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por incumprir o requirimento formulado en data 26/04/2021.

Segundo.- Arquivar o expediente número 2010/2019, denominado, Licenza urbanística para a

“construción de almacén agrogandeiro e garaxe” no lugar de Andamollo, parroquia de Manduas.

Terceiro. - Notificar ás persoas interesadas a presente resolución.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE